



OBRIGATORIEDADE DA CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA EN EDIFICIOS DE NOVA CONSTRUCIÓN

O 19 de xaneiro do 2007 ven se de aprobar o R.D. 47/2007 polo que se aproba o “Procedemento básico para la Certificación de Eficiencia Enerxética de edificios de nova construción”.

(No BOE nº 27 do 31 de xaneiro, publicouse segundo as paxs. 4499 á 4507, e pódese descargar dende, <http://blogcte.coag.es/wp-content/uploads/2007/02/rd-47-2007.pdf>)

> ENTRADA EN VIGOR

- _ O Real Decreto entrou en vigor aos tres meses da súa publicación, isto é o 30.04.2007, pero establece un período transitorio para a aplicación de **6 meses** a contar dende a data de entrada en vigor.
- _ A partir do **31 de outubro de 2007** será polo tanto de aplicación obrigatoria a presentación da **Certificación Enerxética** dos Edificios de nova construción (art. 2).

> DOCUMENTOS

- _ O CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE **PROXECTO** deberá ser presentado no momento do visado dos *Proxectos de Execución* (art. 6). Este Certificado pode ser redactado polo arquitecto redactor do proxecto ou polo técnico redactor do proxecto parcial das instalacións térmicas (neste caso, deberá vir visado polo seu Colexio profesional correspondente e, na memoria do proxecto, dilixenciarase tal intervención no apartado “axentes” da memoria - circular colexial nº 39/2000).
- _ O CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO **EDIFICIO TERMINADO** formará parte do **Libro do Edificio** e subscrito pola Dirección facultativa. Nel se expresará que o edificio foi executado conforme ao expresado en proxecto, e polo tanto se alcanza a cualificación indicada no CERTIFICADO DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DE PROXECTO.

> AMBITO DE APLICACION

Este Procedemento básico é de aplicación (art. 2) en:

- _ Edificios de nova construción.
- _ Modificacións, reformas e rehabilitacións de edificios existentes, cunha superficie útil > 1000 onde se renoven máis do 25% do total dos seus cerramentos.

> PROXECTOS EN PROCESO

En aplicación das disposicións transitorias **non será de aplicación** este R.D.(DT 1ª):

- Nos edificios que á entrada en vigor (30.04.2007) estean en construción e os proxectos que teñan solicitada licenzia antes desta data.
- Nos proxectos supervisados e aprobados polas Administracións Públicas competentes ou **visados** polos colexios profesionais antes da entrada en vigor do R.D. sempre que a licenzia legalmente esixible se solicite no prazo dun ano (antes do 30.04.2008) a partires da referida entrada en vigor.

Pódese concluír polo tanto que, este R.D. será de aplicación:

- En tódolos proxectos novos, visados a partires do 31.10.2007
- En tódolos proxectos visados con anterioridade sempre que non soliciten licenzia antes do 30.04.08

> DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO

O Procedemento Básico para a Certificación enerxética de edificios de nova construción, aprobado polo R.D. 47/2007, de 19 de xaneiro, no seu artigo 4 establece que a obtención da Cualificación da Eficiencia Enerxética dun edificio poderase realizar mediante unha **opción xeral** de carácter prestacional, verificada mediante un programa informático (CALENER) , ou ben mediante unha **opción simplificada**, de carácter prescriptivo.

Dita Opción Simplificada, foi publicada coma Documento recoñecido, e pódese consultar en, <http://blogcte.coag.es/wp-content/uploads/2007/09/04-opcionsimplificadacalificacionviviendas.pdf>

Para a utilización da opción xeral, pódese descargar o programa informático CALENER da paxina do MYTIC, <http://www.mityc.es/Desarrollo/Seccion/EficienciaEnergetica/CertificacionEnergetica/Reconocidos/>. No propio blog do CTE do COAG figura o referido enlace.

Pola Comisión de Visado do COAG